

II Encontro Socio-gastronómico

Carballedo 2020



II Encontro Socio-gastronómico Carballedo 2020

O pasado día 21 de febreiro, as terras preto do Castro da Cruz foron mudas testemuñas dun novo encontro dos membros e simpatizantes da asociación do alumnado sénior do campus de Pontevedra, da Universidade de Vigo.

Dada a proximidade do Entroido e que o tempo inda amosa frebas de frío, un cocido galego na tradicional "Casa Inés" de Carballedo é unha boa xustificación para reunirmos a todos. Case corenta persoas déronse una nova oportunidade de coñecerse máis entre si e estreitar os seus lazos de amizade.

Nin os orellas ni a leite frita conseguiron poñerlle punto e final as animadas conversas que nos levaron ate que o día se tornou fusco.



